

O tema xeral escollido para o Curso está pensado para tratar de xeito transversal e pluridisciplinario o feito de andar e camiñar, de poñerse en movemento tanto as persoas coma os animais e tanto en grupo como individualmente. Será analizado desde moi diversos puntos de vista: físico, sociolóxico, histórico, antropolóxico, relixioso, lúdico e mesmo imaxinario..., sen que isto esgote os aspectos que debater.

O propósito principal é que sexa útil a toda a comunidade universitaria e á sociedade lucense e galega, por medio dos relatorios, mesas redondas e actividades complementarias que figuran no programa.

- ▶ Responsables:  
**MAX-JEAN ZINS e FELIPE ARIAS VILAS**  
(profs./invs. *ad honorem* - USC)
- ▶ Coordinación e supervisión:  
**M<sup>a</sup> ISABEL GONZÁLEZ REY**  
(decana da Facultade de Humanidades de Lugo)

## Información e inscricións

Do 13 de marzo ao 9 de abril  
Oficina de Cultura  
do Campus de Lugo  
Praza Pío XII s/n  
T. 982 821 513  
cultura.lugo@usc.es

## Recoñecemento académico

1 crédito de LC  
1 crédito ECTS

## Taxas

Gratuítas



LUGO \* CULTURAL

# XV CURSO DE PRIMAVERA — 2019 —



## Andar, camiñar, marchar...

Facultade de  
Humanidades-USC  
Lugo

10, 11 e 12 de abril

[www.lugocultural.gal](http://www.lugocultural.gal)

# Programa

## MÉRCORES 10 DE ABRIL

- ▶ **09:30-10:00 h.** Recollida de documentación
- ▶ **10:00 h.** Inauguración oficial do Curso

### PEREGRINACIÓNS DE ASIA E EUROPA. OS CAMIÑOS DE SANTIAGO

Preside e modera: **MAR DE SANTIAGO PÉREZ** (USC)

- ▶ **10:30-11:30 h.** **MEGUMI SHIOZAWA** (Centro de Xapón en Galicia) / *O camiño xaponés de Kumano* /
- ▶ **11:30-12:30 h.** **ALFONSO CARRASCO ROUCO** (bispo de Lugo) / *Os Camiños de Santiago como fenómeno relixioso* /
- ▶ **12:30-13:00 h.** Pausa café
- ▶ **13:00-14:00 h.** **MAX-JEAN ZINS** (USC) / *A marcha de Gandhi na India* /

### PEREGRINACIÓNS E AS OUTRAS VISIÓNS DO ANDAR HUMANO E ANIMAL

Preside e modera: **ELENA FREIRE PAZ** (USC)

- ▶ **16:00-17:00 h.** Mesa redonda e debate:  
**RICARDO G. POLÍN** (filólogo e historiador, Lugo) / *A importancia dos camiños históricos* /  
**M<sup>a</sup> CONCEPCIÓN FERNÁNDEZ LÓPEZ** (USC) / *Vello coma os camiños* /  
**PABLO NÚÑEZ MENESES** (historiador e numismático Lugo) / *A moeda nas peregrinacións a Santiago* /
- ▶ **17:00-18:00 h.** **LUÍSA IBÁÑEZ MARTÍN** (traumatóloga en POLUSA, Lugo) / *Deporte e medicina* /
- ▶ **18:00-18:30 h.** Pausa café
- ▶ **18:30-19:30 h.** **ANTONIO GONZÁLEZ CANTALAPIEDRA** (Fac. Veterinaria, USC) / *O andar no mundo animal* /

## XOVES 11 DE ABRIL

### COMITIVAS, DESFILES, MARCHAS, CARREIRAS...: A REALIDADE E O IMAXINARIO

Preside e modera: **DOLORES DOPICO CAÍNZOS** (USC)

- ▶ **10:00-11:00 h.** **LUC CHANTRE** (Univ. Poitiers-Limoges) / *A peregrinación á Meca. Os retos políticos contemporáneos* /
- ▶ **11:00-12:00 h.** **NATALIE LUDEC** (Univ. Rennes) / *As marchas de mulleres* /
- ▶ **12:00-12:30 h.** Pausa café
- ▶ **12:30-13:30 h.** Mesa redonda e debate:  
**JULIO REBOREDO PAZOS** (historiador, Lugo) / *Paseos, procesións relixiosas e civís en Lugo* /  
**M<sup>a</sup> XESÚS NOGUEIRA PEREIRA** (USC) / *Sobre Días sen gloria, de Roberto Vidal Bolaño: de Ostabat a Fisterra* /  
**CARME SILVA DOMÍNGUEZ** (USC) / *Vellas universidades, novos camiños: a experiencia semipresencial do Máster en Servizos Culturais da USC* /

### A MURALLA DE LUGO COMO ESCENARIO DE ANDAINAS

Preside e modera: **FELIPE ARIAS VILAS** (USC)

- ▶ **16:00-19:00 h.** Mesa redonda e debate:  
**ADOLFO DE ABEL VILELA** (historiador, Lugo) / *A muralla na historia cotiá luguesa* /  
**LUÍS LATORRE REAL** (asoc. Lugo Monumental) / *O retorno económico da muralla na hostalería lucense* /  
**ENRIQUE GONZÁLEZ FERNÁNDEZ** (arqueólogo municipal) / *A muralla no tráfico de vehículos e persoas* /  
**REPRESENTANTE DA XUNTA DE GALICIA** / *A muralla, ben patrimonial e reclamo turístico* /

## VENRES 12 DE ABRIL

### AS GRANDES MIGRACIÓNS HUMANAS. VARIANTES E EVOLUCIÓN HISTÓRICA

Preside e modera: **CARLOS BALIÑAS PÉREZ** (USC)

- ▶ **10:00-11:00 h.** **PILAR CAGIAO VILA** (USC) / *As correntes migratorias na historia: o caso galego* /
- ▶ **11:00-12:00 h.** **ANTONIO DOVAL ADÁN** (USC) / *As migracións humanas no mundo actual: unha síntese xeográfica* /
- ▶ **12:00-12:30 h.** Pausa café
- ▶ **12:30-12:45 h.** **TAMARA LÓPEZ FERNÁNDEZ** (USC) / *Estraperlar coa liberdade. O negocio dos pasaportes en Lugo (1945-1960)* /
- ▶ **12:45-13:45 h.** **JORDI ROCA GIRONA** (Univ. Rovira i Virgili, Tarragona) / *Migrantes "por amor"* /
- ▶ **13:45 h.** Clausura oficial do Curso

### ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

- ▶ **16:00-17:00 h.** Na Facultade de Humanidades, **ENTREGA DE PREMIOS E PROYECCIÓN DO 1º CERTAME DE VIDEOCREACIÓN CAMPUS USC LUGO.** Coordina: Sabela Eiriz. No mesmo acto inclúese a presentación comentada do libro de Eadweard Muybridge (1830-1904), *The Human and Animal Locomotion Photographies*, o primeiro fotógrafo que analizou o mecanismo do andar.
- ▶ **17:30-19:00 h.** **ANDAINA POLO TRAMO URBANO DO CAMIÑO PRIMITIVO:** paseo comentado por treitos do Camiño e da Muralla (desde a ponte do Rato-A Chanca ata a Ponte Vella do Miño e S. Lázaro).
- ▶ **19:30 h.** Na Casa do Saber da USC, **PROYECCIÓN CINEMATOGRAFICA DE SUR LE CHEMIN DE L'ÉCOLE** (de Pascal Plisson, 2013 -77 min.-) [coa colaboración do Cine-Club Cultural Valle-Inclán].

## 1º Certame de Videocreación Campus USC Lugo

A partir da temática do Curso de Primavera "Andar, Camiñar, Marchar", cada participante poderá presentar unha peza audiovisual que reflicta a súa interpretación creativa sobre esta temática. Entre as propostas recibidas escolleranse as sete mellores, que serán proxectadas o 12 de abril ás 16:00 h na Facultade de Humanidades; e posteriormente farase a entrega de premios á mellor linguaxe visual e o premio Isidro Novo á mellor linguaxe literaria.

### BASES

- ▶ O certame está aberto a toda persoa ou grupos de persoas que queiran participar, limitándose a unha peza por cada autoría.
- ▶ As obras presentadas deberán ser inéditas e orixinais.
- ▶ Cada obra pode ser realizada de maneira individual ou colectiva. No caso de que a peza audiovisual sexa feita por un grupo, deberase indicar unha persoa representante do mesmo ou un nome colectivo que firme a súa autoría.
- ▶ Cada obra deberá levar a cortina de inicio dispoñible na páxina [www.lugocultural.gal](http://www.lugocultural.gal)
- ▶ A duración de cada obra será dun máximo de 5 minutos, incluíndo cortina inicial e créditos.
- ▶ No caso de que a peza conteña linguaxe literaria oral ou escrita, valorarase preferiblemente a utilización do idioma galego.
- ▶ No caso de que a peza conteña música, a persoa ou colectivo participante deberá acreditar a autoría ou a propiedade dos dereitos dela.

### PRESENTACIÓN DAS OBRAS

Debe enviarse ao enderezo [cultura.lugo@usc.es](mailto:cultura.lugo@usc.es) a follla de inscrición cuberta coa información da persoa ou colectivo participante e os datos técnicos e artísticos da obra, así como unha ligazón privada para visualización en liña.

Data límite de presentación das pezas:

**día 7 de abril ás 00:00 h.**

### PREMIOS

- Premio á mellor linguaxe visual (**300 euros**). Valoraranse os aspectos estéticos da obra referentes á imaxe, iluminación e dirección artística, así como a montaxe e edición visual de cada peza.
- Premio Isidro Novo á mellor linguaxe literaria (**300 euros**). Valoraranse os aspectos literarios da obra referentes ao guiño e uso da linguaxe escrita ou oral.